



INFORMACIÓN SOBRE O FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR - CURSO 2023-2024

Terá dereito ao servizo de comedor escolar todo o alumnado do centro.

● **Documentación:**

1. Impreso de solicitude. Pódese recoller no centro ou descargalo na páxina web do centro.
2. Certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que convivan nel. A data de alta no domicilio debe ter unha antigüidade mínima dun ano.
3. Autodeclaración, Anexo II. (Pódese recoller no centro ou descargalo da páxina web do CEIP Piñeiros xunto coa solicitude).

● **Alumnos excluídos de presentar a autodeclaración:**

1. Familias en situación de exclusión social (deberán achegar un certificado dos servizos sociais).
2. Alumnos/as que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.
3. Alumnos/as con discapacidade igual ou superior ao 33%.
4. Alumnos/as pertencentes a familias vítimas de terrorismo ou violencia de xénero acreditada documentalmente.

● **Selección de usuarios:**

Para a selección de usuarios establécese a orde seguinte de preferencia:

1. Alumnos en situación de exclusión social (hai que acreditarlo coa certificación dos Servizos Sociais do Concello).
2. Alumnado con discapacidade igual ou superior ao 33% (acreditación da discapacidade).
3. Familia numerosa (acreditar coa fotocopia do libro de familia e co título de familia numerosa).

4. Conciliación familiar e laboral (hai que acreditar a incompatibilidade horaria co certificado de empresa).

5. Alumnado escolarizado fóra da área de influencia.

- **Número de prazas concedidas:** 60

- **Prazos:**

1. Entrega de solicitudes: dende o 12 de xullo ao 21 de xullo de 2023, ambos os dous inclusive.

2. Publicación da listaxe provisional de admitidos: 24 de xullo de 2023.

3. Reclamacións: dende o 26 de xullo ata o 1 de agosto de 2023

4. Publicación da listaxe definitiva: 4 de setembro de 2023.